



Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza

Travesa dos Basquiños, 9, baixo

15.704 Santiago de Compostela

Tfno e fax: 981-570099

Correo-e: adega@adega.info

Páxina electrónica: www.adega.info

Xosé Salvadores Cobas, DI XXXXXXXXX-X, vogal de biodiversidade de ADEGA (Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza), con enderezo a efectos de notificación en Travesa de Basquiños, 9, baixo, 15704 Santiago de Compostela. Tfno-fax 981 570099

EXPÓN que:

Diante da publicación no DOG do 11 de agosto do 2009 do acordo do 3 de xullo do 2009 do Departamento Territorial da Coruña, polo que se somete a información pública a solicitude de autorización, a aprobación do proxecto de execución, o estudo de impacto ambiental, a aprobación do proxecto sectorial e a declaración de utilidade pública das instalacións que comprende o proxecto do Parque Eólico Alto da Croa no concello de Vimianzo, por parte da empresa Gamesa Enerxía, S.A., e, estudadas as instalacións electromagnéticas que se pretenden colocar, en concreto 4 aeroxeradores, apreciouse que **coinciden ca área de cría de lobo**, *Canis lupus signatus*, motivo polo cal se presentan as seguintes,

ALEGACIÓNS

a) Baseadas na actual situación do lobo

Dada a situación xeral do cánido, á que a Administración adicou moitos esforzos, chegando mesmo a elaboración dun Plan de xestión para garantir a conservación da especie, todas as actuacións que poidan causar un efecto negativo sobre a mesma deberían contar cun estudo de impacto, que analizara a situación con rigor e meticulosidade, a fin de evitar, na medida do posible, ocasionar danos irreversíbeis para a especie.

Na actualidade hai iniciados estudos en Galiza sobre o comportamento do lobo con respecto á instalación e funcionamento dos parques eólicos. Neles apúntase a necesidade de **medidas correctoras que cando menos deberían aplicarse aos novos proxectos**

b) Baseadas na situación do lobo na costa

É coñecido que en toda a costa galega o lobo ven sufrindo unha regresión sistemática nos últimos anos dada a concentración de poboación, a ocupación urbanística, as infraestruturas recentes, a práctica pouco respectuosa co medio por parte de algúns gandeiros, etc.

Como consecuencia da súa desaparición estase a perder a cultura do lobo; nestes momentos a súa presenza xa crea alarma social, cando ata hai poucos anos convivíase con el de forma natural. Isto leva a complicar moitísimo máis a súa necesaria recuperación.

Os escasos grupos reprodutores que quedan na costa son fundamentais para que siga habendo conexión co resto de poboación do país de cara a garantir un mínimo de saúde xenética que faga posible a viabilidade da especie.

c) Baseadas na importancia da zona

A zona en cuestión é especialmente importante xa que é o último reduto que lle queda ao lobo, como poboación estable, en toda a franxa litoral.

Hai que engadir que esta zona ten sufrido en tempos recentes diferentes agresións medioambientais de gran transcendencia que suman sinerxías negativas en contra da especie. A instalación de parques eólicos ou a apertura de estradas, son exemplos significativos, o cal, unido a unha diminución da cabana gandeira extensiva, están levando a esta poboación do lobo a unha situación límite.

As conclusións a que chegan estudosos da especie **na zona**, cun seguimento exhaustivo da dinámica da poboación de lobo existente, non fan máis que confirmar o deterioro que sufriu nos últimos anos.

d) Baseadas nos contidos doutros estudos de impacto ambiental

En anteriores estudos de impacto ambiental, e en concreto para a instalación de parques eólicos en zonas próximas, recoñeciase a presenza na zona dun clan familiar reprodutor de lobo e a importancia do mesmo, polo que se incorporaban medidas protectoras e correctoras para aminorar os efectos negativos que puidera ter sobre a especie. **No presente estudo de impacto ambiental só se fai unha vaga referencia a existencia do lobo sen aportar ningunha medida protectora ou correctora.** É polo que consideramos invalidado dito estudo.

En base ao anteriormente exposto,

Solicita:

A paralización da autorización para a instalación dos catro aerogeneradores, en tanto non se leve a cabo un **novo estudo de impacto ambiental** co rigor necesario e que considere a situación da especie e os impactos que podan causar nela as novas instalacións, así como a incorporación das **medidas protectoras e correctoras** máis acadas, ou, se así fose necesario, o **cambio de ubicación do parque eólico.**

Asinado

Xosé Luis salvadores Cobas

Vocal de Biodiversidade de ADEGA

**SR. DIRECTOR XERAL DE CONSERVACIÓN DA NATUREZA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**